

Exames de libres nas EOI

Na última Mesa advertimos dos problemas que se poden xerar nas EOI coas datas impostas para as probas libres, pola coincidencia coas oposicións. Segundo as instrucións ás que tivemos acceso e remitidas pola Inspección nas EOI vanse manter, algo que non nos parece razoábel nin conforme a dereito. O calendario escolar limita ao 30 de xuño as actividades lectivas e a circular obriga a superar ese límite. A Circular entra en aberta contradición con varias normas, desde o ROC (pola data tope do 30 de xuño) á Circular 8/2019 que estipula que as probas ordinarias serán no mes de xuño. As convocatorias de libres para B2 e C1 de galego e inglés poderían coincidir coas extraordinarias dos oficiais, en setembro, facilitando tamén a contratación de profesorado. Desde a CIG-Ensino demandamos que se consulte ás EOI antes de tomar decisións e que se lle traslade esta proposta de cambio de datas.

Nesas instrucións tamén se indica que se nomearán grupos de traballo para realizar os exames libres de xullo dos que falamos. Queremos que se aclare con que criterio se nomearan estes grupos de traballo, quen os nomea, se son de carácter voluntario e sobre todo, se estes grupos se farán cargo de todo o traballo que implica a avaliación dos exames ou só do exame en si.

[A consellaría quedou de analizar a situación creada polas instrucións e ver de darlle solución.](#)

Cursos especialización de FP

Solicitamos da Consellaría un pouco de seriedade na nomenclatura das formacións, non podemos chamar mestrados a formación específica para titulados en formación profesional.

Por outro lado os centros deben coñecer coa antelación necesaria onde se van impartir estes cursos.

Reclamamos tamén que o profesorado ten que ser formado para podelos impartir, concedendo os permisos necesarios para esta formación.

[Son conscientes do erro da utilización da nomenclatura, foi dunha forma didáctica, pero que son cursos de especialización e non mestrados. Din ser coñecedores da necesaria formación por parte do profesorado para impartir esta docencia.](#)



Queredes recibir todas as novas do ensino galego no voso móbil?

Instalade o **telegram** e unídevos a **@CIGEnsino**

Formación do profesorado

Varias cuestións que precisan aclaración en canto ás actividades de formación e que xa trasladamos por escrito, algunhas delas hai xa moitas semanas á subdirección de formación, e non obtivemos resposta

- Segundo a orde de licenzas e permisos, o profesorado que non está en activo unicamente pode realizar actividades de formación cando está gozando dun permiso por parto ou adopción (fóra das seis semanas de obrigado descanso). Solicitamos hai tempo que se considere a posibilidade excepcional de permitirlles ás persoas que están en corentena ou de baixa domiciliaria pola covid, a realización deste tipo de formación. Non sabemos se foi atendida ou non.
- Van ter recoñecemento para sexenios, CXT, oposicións...os cursos do plan de formación relacionados coa covid que se lle encargaron á empresa privada CUALTIS? un plan de formación e información relacionado coa covid.
- Se unha persoa simultanea dous ou máis cursos a distancia, recibiría certificado por todos eles? Temos presente que non se lle computaría nada máis ca un a efectos de CXT ou recoñecemento de sexenios, pero entendemos que si deben ser computábeis

todos eles a outros efectos. No caso das oposicións cremos que se debe aceptar a simultaneidade (xa que a orde non o limita) e no caso doutros concursos de méritos pode limitarse mais todos deben ser aceptados por separado.

[Solicitáronnos que lles volvésemos remitir o escrito para darnos resposta.](#)

Mestrados nas Universidades Públicas

Na mesa do 23 de marzo fixemos referencia a un informe publicado por nós que confirmaba que a oferta é moi inferior á demanda: só un de cada catro alumnos ou alumnas pode acceder a estes mestrados no SUG.

Recalcamos que é a propia Xunta a que limita a oferta e debe mover ficha para evitar que moito estudiantado quede sen poder matricularse nas universidades galegas.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal